Esta empresa tiña establecidos acordos de financiamento coa entidade crediticia CETELEM, polos que esta financiaba a adquisición de vehículos ás casas fabricantes para a súa posta a disposición no concesionario, que pagaba coas cantidades entregadas en pago polos consumidores finais.



A ausencia de control sobre o fluxo monetario entregado polos/as clientes -os consumidores finais do produto-, e sobre o feito de que o diñeiro entregado non fose destinado ao fin para o que era entregado, sen que saibamos a día de hoxe aínda para que fin foi destinado, coloca á parte feble dos contratos de compravenda, con ou sen financiamento da adquisición, nunha situación de absoluta indefensión.

A situación creada pola falta de entrega do diñeiro pagado para a adquisición do vehículo constitúe ao noso entender un ilícito civil en todo caso –e tal vez unha estafa penal- , pois se entregaron unhas cantidades facendo crer que se aplicaban para mercar un vehículo, algo diferente do que finalmente sucedeu. É dicir, estamos ante un engano por parte de Motorkar aos/ás clientes, nunha verdadeira estafa comercial.

A día de hoxe, moitos adquirentes de vehículos, cidadáns particulares –consumidores, non profesionais- viron como logo de entregar os cartos non reciben os vehículos, ou como se inicia o proceso de execución da garantía sobre eles que os levará a ser desposuídos dun ben que eles adquiriron de boa fe e que pagaron.

Neste contexto, o **Instituto de Consumo e Competencia (IGCC)**, dependente da Xunta de Galicia, debe exercer plenamente as súas competencias en materia control da legalidade nas relacións contractuais en que unha das partes é consumidora, e no seu caso as funcións de inspección e sanción.

En consideración ao anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

1. Está o IGCC actuando para verificar a legalidade do sistema de adquisición e financiamento dos vehículos Opel realizado entre a concesionaria Motorkar Laraxe e Motorkar Ferrol e a financeira Cetelem, e a posición dos consumidores no contrato de compravenda dos vehículos?
2. En que momento do expediente informativo, se é que está habendo actuacións, está o IGCC?
3. Está aberto algún expediente sancionador por esta causa contra Opel España, contra Motorkar Laraxe, Motorkar Ferrol ou Cetelem?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 17/07/2018 10:17:16**

**Paula Vázquez Verao na data 17/07/2018 10:17:23**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/07/2018 10:17:26**

**Carmen Santos Queiruga na data 17/07/2018 10:17:29**

**Antón Sánchez García na data 17/07/2018 10:17:32**

**Eva Solla Fernández na data 17/07/2018 10:17:34**



**Luca Chao Pérez na data 17/07/2018 10:17:37**

**Paula Quinteiro Araújo na data 17/07/2018 10:17:40**

**Magdalena Barahona Martín na data 17/07/2018 10:17:43**

**José Manuel Lago Peñas na data 17/07/2018 10:17:46**

**Francisco Casal Vidal na data 17/07/2018 10:17:48**

**David Rodríguez Estévez na data 17/07/2018 10:17:51**

**Marcos Cal Ogando na data 17/07/2018 10:17:54**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 17/07/2018 10:17:57**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/07/2018 11:17  
Nº Rexistro: 33514  
Data envío: 17/07/2018 11:17:32.887

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre o uso e promoción de toponimia deturpada por parte da RAE e as medidas que debe adoptar o Goberno galego ao respecto

A Real Academia Española (RAE), facéndose eco do uso reiterado do ex-presidente do Goberno español M.Rajoy do topónimo deturpado *Sangenjo/Sanjenjo*, apelaba a través das redes sociais a usar ese termo “fóra de usos oficiais” pois, dixo, é a “forma tradicional en español”.

Previamente, a RAE afirmou que “a grafía en castelán é *Sanjenjo*, mentres que *Sanxenxo* é a grafía en galego”.



A institución, coñecedora da legalidade vixente e do disposto no artigo 10 da Lei de Normalización Lingüística de 1983 no que se recolle como única forma oficial e legal da toponimia a galega, provocou coas súas afirmacións unha profunda indignación social entre amplos e diversos sectores da sociedade.

Cómpre lembrar que non estamos a falar da opinión dunha persoa particular senón dunha institución oficial.

Porén, non fica nunha anécdota senón dunha actitude reiterada en máis ocasións a través do servizo #RAEconsultas



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



RAE

@RAEinforma

Seguir

En resposta a @ChemaMedRiv @arquipopular y a 2 más

**#RAEconsultas** La forma castellana tradicional «Orense» es la que debe usarse en textos no oficiales escritos en español.

10:13 - 9 jul. 2018

2 Retweets 6 Me gusta



A actitude da RAE é, alén do máis, unha falta de respecto cara ao pobo galego e as institucións deste país. Polo tanto, é inadmisíbel e pouco entendíbel que a Xunta, como goberno deste país, non se pronuncie ao respecto defendendo a dignidade colectiva de Galiza

As declaracións da RAE non constitúen apenas unha anécdota senón que ao longo do noso propio territorio é habitual ver sinalética con toponimia deturpada, tamén en documentos oficiais do Goberno español –como xa ten denunciado o BNG no Parlamento, da administración de Xustiza ou, sen ir máis lonxe, o Goberno municipal do Concello de Ribeira que insistentemente reincide no uso do termo deturpado *Riveira*.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes **preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/07/2018 11:17**  
**Nº Rexistro: 33514**  
Data envío: 17/07/2018 11:17:32.887

- Que opinión lle merece á Xunta de Galiza a actitude da RAE en relación ao uso de toponimia deturpada?

- Dirixiuse ou pensa dirixirse o Goberno galego á RAE para lle lembrar, cando menos, o disposto na Lei de Normalización Lingüística (1983) especialmente no artigo 10?

- Que medidas está a adoptar a Xunta de Galiza para garantir o cumprimento da lei en relación á toponimia?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/07/2018 11:17**  
**Nº Rexistro: 33514**  
Data envío: 17/07/2018 11:17:32.887

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/07/2018 14:41:46**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/07/2018 14:41:53**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/07/2018 14:41:55**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/07/2018 14:41:57**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/07/2018 14:42:00**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/07/2018 14:42:02**



## Á Mesa do Parlamento

**Jacobo Moreira Ferro, Martín Fernández Prado, Guadalupe Murillo Solís, Marta Novoa Iglesias, Jaime Castiñeira Broz, María Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta Oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

A Xunta de Galicia está a traballar con intensidade no desenvolvemento do Plan de Sendas de Galicia, polo que se están a executar, en distintas fases, 170 novos quilómetros de sendas na Comunidade.

Para a comarca de Pontevedra a planificación global está contida na Estratexia en materia de mobilidade alternativa para a comarca de Pontevedra.

A mediados do pasado ano licitouse o contrato de servizo para a redacción dos proxectos de construción de 13 sendas peonís e ciclistas na comarca de Pontevedra e concellos limítrofes.

Estas actuacións, que levará a cabo a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), serán cofinanciadas polo Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, e están enmarcadas na segunda fase do Plan de Sendas de Galicia, co obxectivo de incrementar a seguridade de peóns e ciclistas, posto que son os usuarios máis vulnerables das estradas, e promover a mobilidade sustentable.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- En que estado de tramitación se atopan as actuacións previstas no marco do Plan de Sendas na comarca de Pontevedra?
- 2.- Cal é o calendario previsto para o desenvolvemento das obras?
- 3.- Cal é o investimento previsto para estes proxectos?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/07/2018 11:11:19**

**Martín Fernández Prado na data 17/07/2018 11:11:29**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 17/07/2018 11:11:38**

**Marta Novoa Iglesias na data 17/07/2018 11:11:45**

**Jaime Castiñeira Broz na data 17/07/2018 11:11:52**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 17/07/2018 11:11:58**

**Gonzalo Trenor López na data 17/07/2018 11:12:06**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/07/2018 11:12:14**

## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trénor López, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

O Executivo galego, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, está a desenvolver un ambicioso Plan de Sendas en distintas comarcas galegas. Trátase dun plan que concreta a construción, ao longo de distintas fases, de 170 novos quilómetros de novas sendas seguras, sostibles e integradas na paisaxe en distintas estradas autonómicas. Un compromiso que foi recollido no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria do pobo galego e que está a efectivizarse con actuacións concretas dende o Goberno.

O Plan de Sendas de Galicia prevé todo un conxunto de actuacións planificadas sobre sete comarcas de Galicia, entre elas a comarca de Vigo, encamiñadas a reforzar a seguridade viaria de peóns e ciclistas e a ofrecerlle aos cidadáns modos de desprazamento menos contaminantes e alternativos á utilización do vehículo particular.

Un plan que, estamos convencidos, está a supoñer unha mellora substancial no reforzo da seguridade viaria nas estradas autonómicas que son obxecto de actuacións e que redunda tamén no incremento da calidade de vida dos veciños e veciñas da comarca de Vigo, na que a Xunta programou a execución de aproximadamente 12,5 quilómetros de novas sendas, en concellos como Baiona, Porriño, Mos, Nigrán ou Gondomar. Coñecemos, ademais, que no caso concreto desta comarca de Vigo o desenvolvemento do Plan de Sendas está avanzado.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. En que estado de desenvolvemento se atopan as actuacións recollidas no Plan de Sendas para a Comarca de Vigo ?
2. Cantos itinerarios están xa rematados e cal é o estado das outras actuacións previstas no marco do Plan para a comarca de Vigo?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 17/07/2018 11:13:10**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 17/07/2018 11:13:24**

**Martín Fernández Prado na data 17/07/2018 11:13:32**

**Jaime Castiñeira Broz na data 17/07/2018 11:13:41**

**Marta Novoa Iglesias na data 17/07/2018 11:13:48**

**Gonzalo Trenor López na data 17/07/2018 11:13:56**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/07/2018 11:14:05**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 17/07/2018 11:14:17**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/07/2018 11:14:25**

## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Marta Novoa Iglesias, Jacobo Moreira Ferro, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2<sup>a</sup>, Ordenación territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

A estrada de Camposancos, PO-552, que une os concellos de Vigo, Nigrán e Baiona é unha das estradas máis importantes da comarca de Vigo, atravesando varios núcleos de poboación e concentrando nas súas marxes unha intensa actividade comercial e de servizos. Os datos de tráfico son un reflexo desta realidade, e mesmo chega a superar unha intensidade de tráfico superior aos 20.000 vehículos ao día nalgún dos seus treitos. Consecuencia desta actividade e desta intensidade de tráfico, cómpre prestar unha especial atención a esta estrada, e traballar para reducir a súa sinistralidade ao mínimo posible.

Os Orzamentos da Xunta de 2018 reflicten que a seguridade viaria é unha materia prioritaria para o Goberno galego, polo que se teñen incrementado nun 34 % as partidas específicas destinadas a este fin. En relación coa seguridade viaria, tamén o Plan de Reforzos de Firme ten aumentado de modo moi importante a súa dotación, pasando de 15 a 20 millóns de euros, complementando de modo importante a partida de máis de 23 millóns de euros correspondente á conservación ordinaria da rede autonómica de estradas e ao Plan de viabilidade invernal. E neste 2018 continúaase traballando no Plan de Sendas de Galicia, que prevé a execución de sendas seguras, sostibles e integradas na paisaxe ao longo da rede autonómica de estradas.

Neste sentido, é coñecida a aposta da Xunta de Galicia de mellorar a estrada de Camposancos, coa execución de tres treitos de senda peonil entre Coruxo e Roteas e en Saiáns, en Vigo, e en Priegue (Nigrán).

Pero hai uns meses tamén se anunciou por parte da Consellería de Infraestruturas que se ía impulsar unha importante medida en materia de seguridade viaria, como é o desenvolvemento dunha estratexia para a eliminación de treitos de concentración de accidentes nas estradas de titularidade autonómica, que para a comarca de Vigo recolle distintas actuacións nos concellos de Vigo, Nigrán, Gondomar, Cangas e Moaña por importe de 5,4 millóns de euros de investimento e que debe de executarse entre os anos 2018 e 2020.

Pola importancia e a necesidade que existía dende hai tempo no sur da provincia de Pontevedra, en canto a diferentes actuacións na rede viaria, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Que actuacións ten previstas a Xunta de Galicia na estrada PO-552 entre Vigo e Baiona, de acordo coa Estratexia de eliminación de treitos de concentración de accidentes nas estradas autonómicas?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 17/07/2018 11:15:14**

**Jaime Castiñeira Broz na data 17/07/2018 11:15:27**

**Martín Fernández Prado na data 17/07/2018 11:15:33**

**Marta Novoa Iglesias na data 17/07/2018 11:15:42**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/07/2018 11:15:49**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 17/07/2018 11:15:57**

**Gonzalo Trenor López na data 17/07/2018 11:16:05**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/07/2018 11:16:13**



## Á Mesa do Parlamento

**M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

A Xunta de Galicia é titular dun importante número de estradas, que non sendo titularidade do Estado ou doutros organismos, discorren polo territorio da Comunidade.

Un patrimonio viario que hai que conservar e preservar e que precisa dun importante esforzo investidor, toda vez que son miles os quilómetros de estradas galegas que precisan de conservación ordinaria para evitar o seu deterioro, pero tamén de actuacións extraordinarias de mellora dos seus elementos e da súa seguridade, e mesmo de actuacións puntuais que permitan a circulación en condicións óptimas.

Mais aló desas obras de carácter extraordinario e puntual, a conservación permanente das estradas non só permite que estean en bo estado para unha maior seguridade e mellor servizo aos usuarios, senón que, ademais, impide que se produza unha maior degradación das vías, que encarecería e dificultaría máis a súa reparación. O Plan de Reforzo de Firms que se está a acometer dá boa conta da importancia desas tarefas de conservación.

Porén, os miles de quilómetros de estradas autonómicas que debe conservar a Xunta de Galicia, e o elevado custo anual por quilómetro da súa conservación, obriga a establecer unha orde de prioridades das actuacións.

O programa electoral co que o Partido Popular de Galicia acadou a confianza maioritaria dos galegos nas eleccións Autonómicas de 2016 recollía un compromiso especialmente intenso, tanto en traballo como en investimento.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que actuacións desenvolve de xeito cotián a Xunta de Galicia en materia de conservación das estradas e cales son as súas prioridades de actuación?
2. Que balance pode facer o Goberno galego ao respecto do Plan de Reforzos de Firme?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 17/07/2018 11:17:03**

**Jaime Castiñeira Broz na data 17/07/2018 11:17:17**

**Martín Fernández Prado na data 17/07/2018 11:17:22**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/07/2018 11:17:31**

**Marta Novoa Iglesias na data 17/07/2018 11:17:37**

**Gonzalo Trenor López na data 17/07/2018 11:17:44**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/07/2018 11:17:52**



## Á Mesa do Parlamento

**Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trénor López, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

O Executivo galego, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, está a desenvolver un ambicioso Plan de Sendas en distintas comarcas galegas. Trátase dun plan que concreta a construción, ao longo de distintas fases, de 170 novos quilómetros de novas sendas seguras, sostibles e integradas na paisaxe en distintas estradas autonómicas.

Un compromiso que foi recollido no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria do pobo galego e que está a efectivizarse con actuacións concretas dende o Goberno.

O Plan de Sendas de Galicia prevé todo un conxunto de actuacións planificadas sobre o conxunto do territorio da Comunidade, encamiñadas a reforzar a seguridade viaria de peóns e ciclistas e a ofrecerlle aos cidadáns modos de desprazamento menos contaminantes e alternativos á utilización do vehículo particular.

Un plan que, estamos convencidos, está a supoñer unha mellora substancial no reforzo da seguridade viaria nas estradas autonómicas que son obxecto de actuacións e que redundará tamén no incremento da calidade de vida de todos os galegos.

Por todo isto, os deputados, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- En que estado de desenvolvemento se atopan as distintas fases do Plan de Sendas de Galicia?
- 2.- Que actuacións concretas se están a desenvolver actualmente no marco do Plan de Sendas de Galicia?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Fernández Prado na data 17/07/2018 11:20:02**

**Jaime Castiñeira Broz na data 17/07/2018 11:20:12**

**Marta Novoa Iglesias na data 17/07/2018 11:20:18**

**Gonzalo Trenor López na data 17/07/2018 11:20:24**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/07/2018 11:20:32**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 17/07/2018 11:20:40**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/07/2018 11:20:49**

## Á Mesa do Parlamento

**Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernandez Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

O Goberno galego nos últimos anos veu intensificando a súa aposta pola rehabilitación de vivendas na nosa Comunidade a través da convocatoria de distintas liñas de axuda destinadas a preservar o patrimonio construído, mellorar as condicións das vivendas dos galegos e así incidir nunha mellor calidade de vida dos cidadáns.

Esta aposta responde a un compromiso expresado polo Partido Popular de Galicia no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega en setembro de 2016. Este programa, que dedicaba un epígrafe específico á recuperación dos cascos históricos facía unha mención expresa a unha actuación singular co nome Rexurbe e que se definía deste xeito: *“Realizaranse intervencións directas e intensas de carácter público adquirindo e rehabilitando edificacións completas para conseguir a recuperación de espazos urbanos moi degradados onde a iniciativa privada non realiza ningunha intervención debido ao alto grado de deterioro ou marxinalidade do ámbito. Deste xeito, recuperaranse importantes espazos urbanos conseguindo dinamizar economicamente estes ámbitos, protexer o patrimonio construído e fixar poboación nos cascos históricos de Galicia”*.

Seguindo este compromiso, nesta lexislatura ademais das distintas liñas de axudas dirixidas aos propietarios e aos concellos para a rehabilitación de vivendas e dos contornos urbanos, a Xunta tamén está a impulsar outras actuacións directas de rehabilitación, en distintas cidades galegas, en inmobles que son da súa propiedade.

Recentemente, tamén anunciaba que ía seguir apostando por estas actuacións de rehabilitación directa, coa adquisición de novos inmobles en distintos centros históricos de cidades e vilas galegas.

O pasado 12 de xaneiro publicaba unha oferta pública de adquisición de inmobles nos núcleos históricos dos concellos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense que serán rehabilitados directamente pola Xunta no marco do Programa Rexurbe.

É por iso que os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:



1. Que investimento prevé destinar a Xunta para a adquisición de inmobles nos núcleos históricos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense, no marco do programa Rexurbe, e para a súa posterior rehabilitación?
2. Cales son os obxectivos desta iniciativa?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Jaime Castiñeira Broz na data 17/07/2018 12:41:28**

**Martín Fernández Prado na data 17/07/2018 12:41:36**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/07/2018 12:41:46**

**Marta Novoa Iglesias na data 17/07/2018 12:41:53**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 17/07/2018 12:42:00**

**Gonzalo Trenor López na data 17/07/2018 12:42:08**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/07/2018 12:42:17**

## Á Mesa do Parlamento

**Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Marta Novoa Iglesias, M<sup>a</sup>Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Jacobo Moreira Ferro e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

En decembro do 2017 a Consellería de Infraestruturas e Vivenda presentou publicamente o observatorio da Vivenda de Galicia (OVG), destinado a servir de apoio aos axentes públicos e privados que interveñen neste sector.

Un espazo de intercambio de información, propostas e comunicación do sector.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que traballos desenvolve ou vai desenvolver o Observatorio da Vivenda de Galicia e de que maneira os resultados se poñerán á disposición dos cidadáns de Galicia?
2. Cal é a composición do Observatorio de Vivenda de Galicia?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018

### **Asinado dixitalmente por:**

**Jaime Castiñeira Broz na data 17/07/2018 12:44:01**

**Martín Fernández Prado na data 17/07/2018 12:44:09**

**Marta Novoa Iglesias na data 17/07/2018 12:44:17**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 17/07/2018 12:44:23**

**Gonzalo Trenor López na data 17/07/2018 12:44:31**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/07/2018 12:44:37**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/07/2018 12:44:45**



## Á Mesa do Parlamento

**Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trénor López, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Diego Calvo Pouso e Jacobo Moreira Ferro**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

A Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, vén promovendo a construción de solo industrial en Galicia para o desenvolvemento económico e para favorecer a creación de emprego.

Estes polígonos implántanse e deséñanse seguindo o Plan Sectorial de Solo Industrial de Galicia que determina o tipo e ubicación destes polígonos en función dos existentes, da dispoñibilidade de solo, das necesidades e demandas e da actividade económica das distintas zonas.

Unha das zonas de maior necesidade e demanda de solo industrial e a área metropolitana da Coruña, en especial, polo enorme crecemento dalgunhas empresas de implantación internacional e os seus provedores e a recente posta en funcionamento da dársena de Langosteira, o coñecido como Porto exterior da Coruña.

Estes e outros axentes, fan desta área un dos motores económicos de Galicia e unha das de maior actividade económica e exportadora de toda España.

Dada esta actividade económica o Plan sectorial de Solo Industrial de Galicia definiu en Arteixo o polígono industrial de Morás, que será, unha vez rematado, un dos maiores de Galicia, aínda que está previsto o seu desenvolvemento en diversas fases.

Unha vez pasados os peores anos da crise económica e cunha economía española e galega en recuperación e crecemento, volve demandarse solo industrial por parte das empresas e industrias ubicadas no contorno da Coruña e é por iso, que en 2017 a Xunta de Galicia reactivou as obras de urbanización do parque empresarial de Morás, en Arteixo, e anunciou a adxudicación dunha importante superficie a unha empresa interesada en instalarse no mesmo.



Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de Galicia de cara á posta en funcionamento do parque empresarial de Morás?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Fernández Prado na data 17/07/2018 12:46:34**

**Jaime Castiñeira Broz na data 17/07/2018 12:46:46**

**Marta Novoa Iglesias na data 17/07/2018 12:46:51**

**Gonzalo Trenor López na data 17/07/2018 12:46:59**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/07/2018 12:47:06**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 17/07/2018 12:47:13**

**Diego Calvo Pouso na data 17/07/2018 12:47:20**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/07/2018 12:47:27**

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Dende a chegada de Núñez Feijoo ao Goberno galego, comezouse un proceso paulatino de deterioro intencionado da sanidade pública galega, co obxectivo de dirixir ao propio usuario ou usuaria e os propios servizos que presta a Administración pública, a centros privados.

A provincia de Ourense non é allea a esta situación: redución do servizo de cirurxía pediátrica, listas de espera inaceptables (sobre todo para enfermidades graves e dolorosas), colapsos nos servizos de Urgencias para un problema previsible como é a gripe, e servizos de Atención Primaria que empezan a ter listas de espera dados os recortes e a supeditación ás xerencias hospitalarias.

De entre todos os servizos danados pola política sanitaria do Goberno galego, resultan especialmente graves aqueles que teñen que ver co tratamento do cancro, unha enfermidade de grande incidencia e na que o tempo e a vixilancia constitúen un elemento fundamental. Recentemente dende o Grupo Parlamentario Socialista tivemos coñecemento das denuncias de usuarios e usuarias e diferentes entidades, que alertan de inadmisíbeis esperas no CHUOU para a realización de TAC de control máis aló do prazo indicado polo propio oncólogo, tendo as propias persoas enfermas de cancro que poñer dúas, tres, catro e nalgún caso ata cinco reclamacións en Atención ó Paciente, para que lle fagan unha proba que resulta ser á base dos tratamentos, e que miden a evolución da enfermidade.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece o goberno galego os tempos de espera para a realización de probas para as persoas enfermas de cancro no CHUOU?
2. En caso afirmativo, que valoración fai das mesmas?
3. Cantas reclamacións se rexistraron, dende o ano 2011, en Atención ao Paciente do CHUOU pola demora na realización de TAC?
4. Que medidas ten previsto tomar o Goberno galego para reducir os tempos de agarda na realización destas probas, en particular ás persoas enfermas de cancro?
5. Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar os medios humanos e materiais para reducir estas demoras?

Pazo do Parlamento, 17 de xullo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 17/07/2018 13:08:01**

**Raúl Fernández Fernández na data 17/07/2018 13:08:08**

**Julio Torrado Quintela na data 17/07/2018 13:08:12**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

Segundo datos das e dos profesionais que traballan nas diferentes unidades de saúde mental do Servizo Galego de Saúde, o aumento do gasto farmacéutico nestas unidades non fai máis que aumentar ano tras ano. Uns datos que coinciden co aumento do gasto farmacéutico no cómputo global dos orzamentos.

Son moitas as persoas que denuncian que a saúde mental está a ter unha máxima centralización na psiquiatría, cunha asistencia hipermedicalizada, que en moitos casos incumpre a gradualidade dos tratamentos aplicando directamente tratamentos máis agresivos como aqueles que se centran unicamente nunha forte medicalización.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>:

- Cal foi a evolución do gasto farmacéutico das diferentes unidades de saúde mental que existen no Servizo Galego de Saúde dende o ano 2008 ata agora?
- A que criterios responde o incremento do gasto farmacéutico nas unidades de saúde mental?



- Cales son os criterios polos que entran os medicamentos destas unidades no catálogo dos diferentes hospitais?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018.

Asdo. Eva Solla Fernández  
Deputada do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 17/07/2018 13:16:26**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/07/2018 13:28  
Nº Rexistro: 33546  
Data envío: 17/07/2018 13:28:32.882

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión**, sobre o cumprimento da Lei de Normalización Lingüística na rotulación municipal do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

A Lei de Normalización Lingüística aprobada por unanimidade no Parlamento de Galiza en 1983 recolle no artigo 10 que a toponimia do país terá como única forma oficial a galega sendo esta a única legal a todos os efectos. Así mesmo, determina que “estas denominacións son as legais a todos os efectos e a rotulación terá que concordar con elas” sendo a Xunta de Galiza quen “regulamentará a normalización da rotulación pública”.



Porén, na Casa do Concello de Pedrafita (como se pode comprobar na imaxe anexa) un dos paneis explicativos dos recursos turísticos que se poden atopar na zona nomea a localidade como *\*Piedrafita* o que supón, alén do máis, o incumprimento das obrigas legais de calquera administración pública.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes **preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

- Coñece a Xunta de Galiza o uso de toponimia deturpada por parte do Concello de Pedrafita?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/07/2018 13:28**  
**Nº Rexistro: 33546**  
Data envío: 17/07/2018 13:28:32.882

- Que medidas ten adoptado ou prevé adoptar o Goberno galego para garantir o cumprimento do artigo 10 da Lei de Normalización Lingüística neste Concello?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018

**Asdo.: Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/07/2018 12:58:02**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/07/2018 12:58:08**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/07/2018 12:58:10**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/07/2018 13:28**  
**Nº Rexistro: 33546**  
Data envío: 17/07/2018 13:28:32.882

**Xose Luis Rivas Cruz na data 17/07/2018 12:58:13**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/07/2018 12:58:14**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/07/2018 12:58:17**

## Á Mesa do Parlamento

**Martín Fernández Prado, Aurelio Núñez Centeno, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trénor López, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Diego Calvo Pouso e Jacobo Moreira Ferro**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Nos últimos anos, a Xunta de Galicia vén facendo un grande esforzo para seguir avanzando na vertebración do territorio e contribuíndo á unha maior competitividade e á igualdade de oportunidades dos galegos.

A pesar das dificultades derivadas da crise económica, na pasada legislatura o Goberno galego foi quen de continuar desenvolvendo vías de altas prestacións, incrementando en máis dun 66% a rede de alta capacidade con respecto ao ano 2009: 120 novos quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe, que permiten que o 80% da poboación se atope actualmente a menos de 15 minutos dunha vía de alta capacidade.

Un dos maiores exemplos deste avance témolo na Autovía da Costa da Morte, posta en servizo o 29 de xullo de 2016. 27 novos quilómetros libres de peaxe (25 quilómetros de autovía entre Carballo e Baio e 2 quilómetros da variante de Baio), que supoñen unha transformación nas comunicacións dunha comarca na que habitan 120.000 persoas, e incide na mellora da calidade de vida e benestar de todos os veciños da zona, máis alá dos cinco concellos polos que discorre o trazado. Con esta nova infraestrutura, a Xunta daba continuidade á vía de altas prestacións existente e facíao na zona de maior tráfico, xa que Carballo é o núcleo de maior poboación e o centro de actividades administrativas da comarca.

Unha vez que o treito principal da autovía da Costa da Morte xa está en servizo desde o verán de 2016 cómpre agora que o Goberno galego continúe traballando e dando os pasos necesarios que permitan acometer a prolongación da conexión ata o concello de Vimianzo, nunha primeira fase, tal e como ten comprometido o propio presidente da Xunta, continuando así a aposta pola vertebración das comarcas de Bergantiños, Soneira e Fisterra.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai o Goberno galego da posta en servizo da Autovía da Costa da Morte ?

2. Que previsións manexa a Xunta de Galicia para dar continuidade á Autovía da Costa da Morte?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Fernández Prado na data 17/07/2018 14:02:17**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 17/07/2018 14:02:27**

**Jaime Castiñeira Broz na data 17/07/2018 14:02:34**

**Marta Novoa Iglesias na data 17/07/2018 14:02:41**

**Gonzalo Trenor López na data 17/07/2018 14:02:52**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/07/2018 14:02:59**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 17/07/2018 14:03:07**

**Diego Calvo Pouso na data 17/07/2018 14:03:15**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/07/2018 14:03:23**

## Á Mesa do Parlamento

**Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López, Diego Calvo Pouso, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

A vía Ártabra é unha vía fundamental para a área metropolitana da Coruña e nese sentido o Goberno da Xunta puxo en servizo dous treitos da vía Ártabra (7,96 km de tronco máis 1,78 km da variante de Oleiros e 42 M€) en plena crise e recesión económica.

A conexión da Vía Ártabra coa AP-9 é imprescindible para o completo funcionamento desta vía de altas prestacións, para garantir os movementos dos concellos de Oleiros, Sada e Cambre cara a Coruña e viceversa.

Por elo, a Xunta de Galicia está a facer todo o posible para levar adiante esta infraestrutura, desenvolvendo a única opción posible de conexión coa AP-9, e mantendo para una fase posterior a súa conexión coa autovía A-6.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as razóns polas que a Xunta de Galicia aposta pola conexión da AP-9 coa vía Ártabra no enlace da Gándara?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Fernández Prado na data 17/07/2018 14:05:48**

**Jaime Castiñeira Broz na data 17/07/2018 14:05:57**

**Marta Novoa Iglesias na data 17/07/2018 14:06:02**

**Gonzalo Trenor López na data 17/07/2018 14:06:09**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Diego Calvo Pouso na data 17/07/2018 14:06:16**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/07/2018 14:06:24**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 17/07/2018 14:06:32**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/07/2018 14:06:40**

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Vega Pérez, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeiras Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Como xa se dixo en múltiples ocasións e así o está a demostrar o Goberno galego coas políticas que vén implementando, a actual ten que ser a lexislatura do sector primario e, polo tanto, do rural.

É necesario que o rural sexa un lugar atractivo para vivir o que permitirá o asentamento de poboación e a creación de industria.

Así, unha das cuestións prioritarias para facer do rural un lugar no que a xente desenvolva os seus proxectos de vida é que conte cunhas infraestruturas e comunicacións en condicións óptimas e que as súas vilas, pobos e aldeas estean perfectamente conectados coas autoestradas do seu contorno.

Neste eido, é preciso pór de manifesto a aposta decidida por parte da Xunta de Galicia para que os concellos máis rurais contén cunhas vías de comunicación nun perfecto estado.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Como están a avanzar as obras da estrada LU-124 no seu tramo Lindín-Cruz da Cancela?
2. En que consisten os ditos traballos?
3. Cando está previsto o remate desta actuación?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Daniel Vega Pérez na data 17/07/2018 14:08:44**

**Martín Fernández Prado na data 17/07/2018 14:08:56**

**Jaime Castiñeira Broz na data 17/07/2018 14:09:08**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/07/2018 14:09:14**

**Marta Novoa Iglesias na data 17/07/2018 14:09:30**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 17/07/2018 14:09:36**

**Gonzalo Trenor López na data 17/07/2018 14:09:45**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/07/2018 14:09:52**



## Á Mesa do Parlamento

**Marta Novoa Iglesias, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernandez Prado, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, Jacobo Moreira Ferro e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

O Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, é o máis antigo de Galicia, e ademais é a principal área industrial da provincia de Ourense, formada por máis de 350 empresas e que conta con 8.000 empregos directos. Por el circulan diariamente máis de 20.000 vehículos diarios, dos que preto de 5.000 son de tráfico pesado.

O aumento experimentado nos últimos anos tanto na actividade como na demanda de tráfico de mercancías e persoas no Polígono de San Cibrao das Viñas, fai necesaria a realización de infraestruturas que garantan a competitividade das empresas radicadas no Polígono, constituíndo así unha prioridade conectalo coa autovía Madrid-Vigo para reducir o tempo e os custos, unha intervención fundamental tanto para as empresas que xa se encontran no Polígono como as que estean por vir.

Ademais non só favorecerá ao Polígono de San Cibrao das Viñas, senón que tamén se verá beneficiado o Parque Tecnolóxico de Galicia, situado no mesmo Concello, e o Polígono de Pereiro de Aguiar que linda co de San Cibrao.

Esta infraestrutura, vén reforzar a aposta do Goberno Galego, por mellorar as comunicacións de forma responsable, eficiente e sustentable, axudando a reforzar a competitividade do territorio e contribuíndo a activación dos motores da recuperación do emprego.

Xa no pasado mes de maio, nunha visita á zona, o presidente da Xunta anunciaba que as obras do novo acceso ao polígono de San Cibrao das Viñas comezarían no mes de xuño. Cumprindo coa palabra dada, a finais do mes de xuño iniciábanse os traballos para a conexión do polígono de San Cibrao das Viñas e a A-52.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

En que situación se atopa o proxecto de execución do viario de acceso ao polígono de San Cibrao coa A-52?



Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Marta Novoa Iglesias na data 17/07/2018 14:10:36**

**Jaime Castiñeira Broz na data 17/07/2018 14:10:44**

**Martín Fernández Prado na data 17/07/2018 14:10:49**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 17/07/2018 14:11:02**

**Gonzalo Trenor López na data 17/07/2018 14:11:09**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/07/2018 14:11:17**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/07/2018 14:11:25**

## Á Mesa do Parlamento

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/07/2018 11:24:20**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**José Antonio Quiroga Díaz na data 16/07/2018 11:24:30**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a oferta educativa pública no Concello de Culleredo así como as medidas que debe adoptar o Goberno galego para solucionar os problemas detectados e a falta de planificación.

O Concello de Culleredo, unha das poucas localidades do país que medra en poboación, adoce desde hai anos pola falta de planificación escolar.

As consecuencias da falta de previsión e actuacións por parte da Xunta de Galiza que dean resposta a esta problemática estrutural evidénciase cada curso académico con alumnado que fica fóra dos seus centros de referencia, saturacións en todos os niveis educativos, mais tamén no desaproveitamento de infraestruturas como a antiga Universidade Laboral.

A Consellaría de Educación é coñecedora das queixas da comunidade educativa porque lle foron trasladadas a través dos Consellos Escolares, a Mesa de Escolarización ou a CIG-Ensino que veñen reclamando o deseño dun mapa escolar acorde coa realidade actual do concello e que responda, de maneira integral, aos problemas que acumula na oferta educativa.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/07/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 33502**  
Data envío: 16/07/2018 14:18:21.350

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Como valora o Goberno galego a oferta educativa pública no Concello de Culleredo?

- É coñecedora a Xunta de Galiza das denuncias e demandas da comunidade educativa en relación coa oferta educativa pública nesta localidade?

- Pensa deseñar o Goberno galego un mapa escolar no Concello de Culleredo, como reclama a comunidade educativa, acorde coa realidade demográfica actual e a que vivirá a localidade nos vindeiros anos?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/07/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 33502**  
Data envío: 16/07/2018 14:18:21.350

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/07/2018 13:35:03**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/07/2018 13:35:10**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/07/2018 13:35:14**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/07/2018 13:35:16**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/07/2018 13:35:18**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/07/2018 13:35:20**



## Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, María Luisa Pierres López e Raúl Fernández Fernández, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Tras case unha década de retraso sobre as previsións iniciais, a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña e Adif acadaban o pasado mes de outubro de 2017 un acordo para a execución do proxecto da estación intermodal da Coruña, logo de incluírse as propostas formuladas polo Goberno municipal. A Consellería de Infraestruturas comprometéase a axilizar as actuacións necesarias conforme á normativa reguladora dos proxectos públicos de urxencia ou de interese excepcional.

Ademais dos fondos que aporta a Administración Xeral do Estado a través do Ministerio de Fomento e de Adif, o Goberno galego comprométese a cofinanciar esta urxente actuación na cidade da Coruña con dez millóns de euros, oito procedentes de fondos europeos.

O pasado 9 de xullo, a conselleira de Infraestruturas parece dar por perdidas as axudas europeas polo retraso no inicio das obras, ao estimar que non poderá darse comezo aos traballos ata o ano 2020, situándose así esta infraestrutura clave para a mobilidade de toda a área da Coruña con importantes retrasos respecto de actuacións similares noutras cidades galegas.

Por iso os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que previsións ten o Goberno galego para o inicio e posta en servizo da nova estación intermodal da Coruña?

2ª) Cales son os compromisos de cofinanciamento deste proxecto por parte das distintas administracións públicas?

3ª) Que previsións ten o Goberno galego para garantir os fondos UE aplicados a este proxecto?



**Grupo Parlamentario**

Pazo do Parlamento, 16 de xullo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/07/2018 14:10:04**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María Luisa Pierres López na data 16/07/2018 14:10:17**

**Raúl Fernández Fernández na data 16/07/2018 14:10:26**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/07/2018 11:18  
Nº Rexistro: 33516  
Data envío: 17/07/2018 11:18:03.185

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre o uso e promoción de toponimia deturpada por parte da RAE e as medidas que debe adoptar o Goberno galego ao respecto

A Real Academia Española (RAE), facéndose eco do uso reiterado do ex-presidente do Goberno español M.Rajoy do topónimo deturpado *Sangenjo/Sanjenjo*, apelaba a través das redes sociais a usar ese termo “fóra de usos oficiais” pois, dixo, é a “forma tradicional en español”.

Previamente, a RAE afirmou que “a grafía en castelán é *Sanjenjo*, mentres que *Sanxenxo* é a grafía en galego”.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



A institución, coñecedora da legalidade vixente e do disposto no artigo 10 da Lei de Normalización Lingüística de 1983 no que se recolle como única forma oficial e legal da toponimia a galega, provocou coas súas afirmacións unha profunda indignación social entre amplos e diversos sectores da sociedade.

Cómpre lembrar que non estamos a falar da opinión dunha persoa particular senón dunha institución oficial.

Porén, non fica nunha anécdota senón dunha actitude reiterada en máis ocasións a través do servizo #RAEconsultas



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



RAE  
@RAEinforma

Seguir

En resposta a @ChemaMedRiv @arquipopular y a 2 más

**#RAEconsultas** La forma castellana tradicional «Orense» es la que debe usarse en textos no oficiales escritos en español.

10:13 - 9 jul. 2018

2 Retweets 6 Me gusta



A actitude da RAE é, alén do máis, unha falta de respecto cara ao pobo galego e as institucións deste país. Polo tanto, é inadmisíbel e pouco entendíbel que a Xunta, como goberno deste país, non se pronuncie ao respecto defendendo a dignidade colectiva de Galiza

As declaracións da RAE non constitúen apenas unha anécdota senón que ao longo do noso propio territorio é habitual ver sinalética con toponimia deturpada, tamén en documentos oficiais do Goberno español –como xa ten denunciado o BNG no Parlamento, da administración de Xustiza ou, sen ir máis lonxe, o Goberno municipal do Concello de Ribeira que insistentemente reincide no uso do termo deturpado *Riveira*.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes **preguntas para a súa resposta escrita:**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/07/2018 11:18**  
**Nº Rexistro: 33516**  
Data envío: 17/07/2018 11:18:03.185

- Que opinión lle merece á Xunta de Galiza a actitude da RAE en relación ao uso de toponimia deturpada?

- Dirixiuse ou pensa dirixirse o Goberno galego á RAE para lle lembrar, cando menos, o disposto na Lei de Normalización Lingüística (1983) especialmente no artigo 10?

- Que medidas está a adoptar a Xunta de Galiza para garantir o cumprimento da lei en relación á toponimia?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/07/2018 11:18**  
**Nº Rexistro: 33516**  
Data envío: 17/07/2018 11:18:03.185

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/07/2018 14:45:06**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/07/2018 14:45:13**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/07/2018 14:45:15**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/07/2018 14:45:18**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/07/2018 14:45:20**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/07/2018 14:45:23**

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Dende a chegada de Núñez Feijoo ao Goberno galego, comezouse un proceso paulatino de deterioro intencionado da sanidade pública galega, co obxectivo de dirixir ao propio usuario ou usuaria e os propios servizos que presta a Administración pública, a centros privados.

A provincia de Ourense non é allea a esta situación: redución do servizo de cirurxía pediátrica, listas de espera inaceptables (sobre todo para enfermidades graves e dolorosas), colapsos nos servizos de Urgencias para un problema previsible como é a gripe, e servizos de Atención Primaria que empezan a ter listas de espera dados os recortes e a supeditación ás xerencias hospitalarias.

De entre todos os servizos danados pola política sanitaria do Goberno galego, resultan especialmente graves aqueles que teñen que ver co tratamento do cancro, unha enfermidade de grande incidencia e na que o tempo e a vixilancia constitúen un elemento fundamental. Recentemente dende o Grupo Parlamentario Socialista tivemos coñecemento das denuncias de usuarios e usuarias e diferentes entidades, que alertan de inadmisíbeis esperas no CHUOU para a realización de TAC de control máis aló do prazo indicado polo propio oncólogo, tendo as propias persoas enfermas de cancro que poñer dúas, tres, catro e nalgún caso ata cinco reclamacións en Atención ó Paciente, para que lle fagan unha proba que resulta ser á base dos tratamentos, e que miden a evolución da enfermidade.



 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Coñece o goberno galego os tempos de espera para a realización de probas para as persoas enfermas de cancro no CHUOU?
2. En caso afirmativo, que valoración fai das mesmas?
3. Cantas reclamacións se rexistraron, dende o ano 2011, en Atención ao Paciente do CHUOU pola demora na realización de TAC?
4. Que medidas ten previsto tomar o Goberno galego para reducir os tempos de agarda na realización destas probas, en particular ás persoas enfermas de cancro?
5. Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar os medios humanos e materiais para reducir estas demoras?

Pazo do Parlamento, 17 de xullo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 17/07/2018 13:07:38**

**Raúl Fernández Fernández na data 17/07/2018 13:07:44**

**Julio Torrado Quintela na data 17/07/2018 13:07:52**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**.

Segundo datos das e dos profesionais que traballan nas diferentes unidades de saúde mental do Servizo Galego de Saúde, o aumento do gasto farmacéutico nestas unidades non fai máis que aumentar ano tras ano. Uns datos que coinciden co aumento do gasto farmacéutico no cómputo global dos orzamentos.

Son moitas as persoas que denuncian que a saúde mental está a ter unha máxima centralización na psiquiatría, cunha asistencia hipermedicalizada, que en moitos casos incumpre a gradualidade dos tratamentos aplicando directamente tratamentos máis agresivos como aqueles que se centran unicamente nunha forte medicalización.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Cal foi a evolución do gasto farmacéutico das diferentes unidades de saúde mental que existen no Servizo Galego de Saúde dende o ano 2008 ata agora?
- A que criterios responde o incremento do gasto farmacéutico nas unidades de saúde mental?



- Cales son os criterios polos que entran os medicamentos destas unidades no catálogo dos diferentes hospitais?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018.

Asdo. Eva Solla Fernández  
Deputada do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 17/07/2018 13:17:27**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/07/2018 13:28  
Nº Rexistro: 33548  
Data envío: 17/07/2018 13:28:52.148

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre o cumprimento da Lei de Normalización Lingüística na rotulación municipal do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

A Lei de Normalización Lingüística aprobada por unanimidade no Parlamento de Galiza en 1983 recolle no artigo 10 que a toponimia do país terá como única forma oficial a galega sendo esta a única legal a todos os efectos. Así mesmo, determina que “estas denominacións son as legais a todos os efectos e a rotulación terá que concordar con elas” sendo a Xunta de Galiza quen “regulamentará a normalización da rotulación pública”.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



Porén, na Casa do Concello de Pedrafita (como se pode comprobar na imaxe anexa) un dos paneis explicativos dos recursos turísticos que se poden atopar na zona nomea a localidade como \**Piedrafita* o que supón, alén do máis, o incumprimento das obrigas legais de calquera administración pública.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes **preguntas para a súa resposta escrita:**

- Coñece a Xunta de Galiza o uso de toponimia deturpada por parte do Concello de Pedrafita?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/07/2018 13:28**  
**Nº Rexistro: 33548**  
Data envío: 17/07/2018 13:28:52.148

- Que medidas ten adoptado ou prevé adoptar o Goberno galego para garantir o cumprimento do artigo 10 da Lei de Normalización Lingüística neste Concello?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/07/2018 12:59:21**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/07/2018 12:59:26**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/07/2018 12:59:29**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/07/2018 13:28**  
**Nº Rexistro: 33548**

Data envío: 17/07/2018 13:28:52.148

**Xose Luis Rivas Cruz na data 17/07/2018 12:59:31**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/07/2018 12:59:34**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/07/2018 12:59:36**

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela e Abel Losada Álvarez,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Na provincia de Pontevedra, onde as solicitudes de valoración da discapacidade tardaban de media 3 anos e onde a quenda de agarda estaba en máis de 4.000 persoas, despois da pregunta en Pleno ao conselleiro de Política Social por parte deste grupo parlamentario o Goberno colocou un parche: seis novos equipos temporais para o EVO do Norte e 4 para o do Sur, formados por persoal contratado por acumulación de tarefas e para 6 meses.

Estes 6 novos equipos temporais comezaron a traballar no mes de xuño, mais a formación que recibiran foi escasa e, de momento, non sacaron adiante demasiados expedientes, tamén porque nun principio non dispoñían de equipos informáticos e porque están situados nun espazo moi afastado fisicamente dos 3 EVO orixinarios. A tramitación dos expedientes non leva a velocidade precisa, ao que hai que sumar a deficiente nova solicitude de discapacidade que a consellería implantou, que tanto quixo simplificar que se pasou de simpleza, todo por non preguntar aos profesionais. Por poñer un exemplo, non ten valoración social, que se deixa ás persoas traballadoras de cada concello.

A maiores, dos expedientes tramitados directamente polos médicos de atención primaria en virtude dun convenio co Sergas e que ían a ser revisados na propia consellería nada se sabe, aínda que as reclamacións de todos os expedientes seguen a ser resoltas polos 3 equipos, digamos “titulares”.

Todo o mundo é consciente de que os atrasos na valoración da discapacidade producen efectos prexudiciais aínda que o seu resultado se retrotraia á solicitude: afectan a beneficios fiscais (100 euros mensuais da AEAT por prestación de fillo a cargo), ás becas escolares,



**Grupo Parlamentario**

ao acceso á universidade, ás reducións no IRPF, ás exencións no imposto de matriculación de vehículos, ás axudas para usar prazas de aparcadoiro e ata o dereito de acceso a prazas de emprego público.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como valora o Goberno galego o traballo dos seis novos equipos temporais para o EVO do Norte da provincia de Pontevedra e dos catro para o do Sur, formados por persoal contratado por acumulación de tarefas e para 6 meses?
2. Vai crear o Goberno novos equipos EVO definitivos para a provincia de Pontevedra? Cantos? Cando?
3. Considera o Goberno que a nova solicitude de discapacidade que a Consellería de Política Social ten implantado é efectiva?
4. Que departamento e de que consellería se está a encargar en Santiago de Compostela de revisar os expedientes tramitados directamente polos médicos de atención primaria en virtude do convenio co Sergas? Cantos expedientes leva revisados?

Pazo do Parlamento, 17 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Noela Blanco Rodríguez  
María Luisa Pierres López  
Julio Torrado Quintela  
Abel Losada Álvarez

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 18/07/2018 11:28:09**

**Noela Blanco Rodríguez na data 18/07/2018 11:28:14**

**María Luisa Pierres López na data 18/07/2018 11:28:20**



---

**Grupo Parlamentario**

**Julio Torrado Quintela na data 18/07/2018 11:28:25**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/07/2018 11:28:30**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O pasado día 26 de xuño coñeciamos que, Motorkar, empresa concesionaria das firmas automobilísticas Opel, Hyundai e Suzuki, botaba o peche na comarca de Ferrolterra.

Motorkar acumulaba décadas de traxectoria no sector en Ferrolterra. Sen embargo, a tardanza na entrega de coches, dende principios do ano 2017 está a afectar a aqueles compradores, que están pendentes de recibir os seus vehículos.

Hai indicios de que o diñeiro recibido no concesionario para a compra de vehículos polos compradores non chegase a materializarse coa entidade crediticia CETELM –empresa que financiaba a adquisición dos vehículos ás casas de fabricantes para o concesionario– podendo constituírse isto nun delito civil (e tal vez penal).

A casuística é variada, algún dos damnificados, por exemplo, adiantou o custo íntegro do seu automóbil, outro está financiando e pagando a letra sen ter o coche, hai, tamén, damnificados que levan un ano esperando polo seu coche, outros que teñen que ser adaptados a persoas con mobilidade reducida e outros que teñen os coches no garaxe do dito concesionario. Ademais, hai ata un total de 44 familias que se ven afectadas pola non entrega dos automóbiles.

Todos os diferentes casos teñen un denominador común: a imposibilidade de circulación dos seus coches.

**Grupo Parlamentario**

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que medidas adoptou ou vai adoptar a Xunta de Galicia sobre a problemática de Motorkar?
2. É consciente a Xunta de Galicia da situación na que se atopan moitos/as damnificados/as que compraron no dito concesionario?
3. Ten a Xunta de Galicia, a través do seu órgano competente en materia de defensa das persoas consumidoras e usuarias (o Instituto Galego do Consumo e da Competencia), iniciado algún procedemento? De ser afirmativa a resposta, que procedemento? Cando foi iniciado?
4. Hai algún procedemento sancionador aberto contra as empresas implicadas nesta presunta vulneración dos dereitos dos e das consumidores?

Pazo do Parlamento, 18 de xullo de 2018

Asdo.: José Manuel Pérez Seco  
Abel Losada Álvarez  
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/07/2018 11:36:38**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/07/2018 11:36:44**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo, Julia Torregrosa Sañudo, Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta escrita.

O dereito á vivenda afronta unha nova ameaza no territorio galego: a burbulla do aluguer. Arrendar un piso é cada día máis caro e esixe maiores sacrificios á cidadanía, sobre todo nas sete cidades e nas vilas intermedias do eixo atlántico, porque é alí onde se concentra a maior actividade económica. A maior tendencia ao aluguer débese, en parte, a un cambio de mentalidade provocado pola última burbulla inmobiliaria, pero tamén á diminución da capacidade adquisitiva, á maior reticencia dos bancos a conceder hipotecas e ao aumento da mobilidade laboral derivado da precarización do emprego. Entre as razóns que explican a subida dos prezos, cómpre sinalar a diminución do número de inmobles destinados a arrendamento ordinario, xa que cada vez son máis os propietarios e propietarias que prefiren alugar as vivendas só a turistas a través de plataformas como Airbnb.

No último ano, os alugueres subiron en Galicia preto dun 8%, situándose na contorna do 5,7 euros por metro cadrado, unha subida que supera amplamente a dos salarios. Segundo o INE, a subida dos alugueres triplica a das nóminas. Nalgunhas cidades, a situación é aínda peor. En Vigo os alugueres subiron un 14%. Na Coruña, o 13%. No resto das cidades, supera o 10%. Pero o crecemento dos salarios foi de aproximadamente o 3%.



Así, Vigo é a cidade que sofre os prezos máis altos, con alugueres que, en febreiro de este ano, eran de 8,5 euros por metro cadrado. Síguela A Coruña, con 7,6 euros, Santiago, con 7, Pontevedra, con 5,8, Ourense, con 5,2, e Lugo con 5. Fora das sete cidades, atopamos vilas onde a situación é aínda peor, como Sanxenxo, onde o prezo dispárase ata os 11 euros por metro cadrado.

A subida dos prezos do aluguer explícase polo aumento da demanda e a diminución da oferta. Nos municipios de menos de 20.000 habitantes aínda hai pisos dabondo e os prezos permanecen estables, pero nos concellos de entre 20.000 e 50.000 habitantes a demanda de alugueres disparouse nos último nove anos (pasou dun 7,8% a máis dun 14%). O aumento do aluguer foi tan drástico que nun so ano pasou de haber 7.000 inmobles dispoñibles a 4.200.

Como resultado do aumento dos prezos, as familias galegas cada vez teñen que dedicar unha maior porcentaxe dos seus ingresos a pagar o aluguer. O 36% dedica entre o 10% e o 20% do que gaña, pero é que o 25% dedica máis do 30%.

O escenario é complexo pero pode complicarse aínda máis o presenta ano, xa que van vencer moitos contratos e os propietarios van ter liberdade para poñelos no mercado tras revisar os prezos á alza.

A situación é moi delicada para o conxunto da cidadanía, pero moi en particular para a mocidade, que foi a gran prexudicada durante a crise e o continúa sendo agora que a recuperación comeza a despuntar. Isto refléxase de maneira moi clara nas súas propias expectativas.

Segundo o IV Informe Young Business Talents sobre actitudes e tendencias dos mozos preuniversitarios españois, elaborado polo ESIC e Praxe MMT, os mozos e mozas galegos son os máis pesimistas de España en canto ao emprego para o seu colectivo. Menos do 40% dos estudantes considera que a situación mellorará nos próximos cinco anos, fronte o máis do 47% da media estatal. Isto explica,



entre outras cousas, que a mocidade galega sexa a cuarta máis predisposta do Estado a mudarse fora do país para atopar traballo.

Se queremos que a mocidade faga a súa vida na nosa terra, temos que mudar isto, prestándolle a axuda que precisa para que poida desenvolver os seus proxectos de futuro. E iso pasa, necesariamente, por facerlle accesible a vivenda.

Recentemente, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda convocou axudas á mocidade para o aluguer de vivenda habitual e permanente, unha medida que teríamos que celebrar e que, non obstante, vémonos na obriga de criticar. As axudas son insuficientes e as condicións non permiten satisfacer as necesidades da mocidade.

Vexámolo cun exemplo concreto. Supoñamos que unha unidade de convivencia formada por unha parella conta cuns ingresos mensuais de 600 euros e que a súa vivenda ten un aluguer de 350 euros. O importe máximo da axuda da Consellería de Infraestruturas é do 50% da renda mensual. A parella percibiría, no mellor dos casos, 175 euros, pero aínda tería que pagar outros 175, polo que os seus ingresos mensuais veríanse reducidos, tras descontar o aluguer, a 425 euros. Pensa o Goberno da Xunta de Galicia que unha parella nova pode ter unha vida digna e desenvolver o seu potencial na nosa terra con eses cartos?

Ademais estas axudas ignoran unha realidade que cada día está máis presente no noso País que é a de compartir piso por persoas traballadoras precarias que non teñen ningún outro vínculo e niveis de rendas moi diferentes, polo que habería que camiñar cara unhas axudas que tiveran en conta esta situación e foran máis individualizadas.



Polo exposto, as deputadas e os deputados asinantes formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- En que datas se basea a Consellería de Infraestruturas e Vivenda para decidir as condicións das axudas á mocidade para o aluguer de vivenda habitual e permanente?
- Por que se limita a contía máxima da axuda ao 50% da renda mensual?
- Non lle parece insuficiente 500 euros de prezo máximo para algunhas cidades onde o prezo da vivenda encareceuse moito no último período?
- Valora a Consellería de Infraestruturas e Vivenda facer unhas axudas máis individualizadas atendendo á nova situación de compartimento de vivendas?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2018.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 18/07/2018 13:56:42**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 18/07/2018 13:56:49**

**Marcos Cal Ogando na data 18/07/2018 13:56:57**

**Antón Sánchez García na data 18/07/2018 13:57:08**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis próxima.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

Dende a chegada ao Goberno de Núñez Feijoo en 2009 o sistema público de saúde soamente ten contratado de maneira estable a menos dun 15 % dos titulados MIR, o que supón un dato preocupante. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e unha forte implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos

antes sinalados. Unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servizos, afastando a atención dos e das cidadáns.

A construción de novos centros de saúde, ou a reforma dalgúns xa existentes, supón outro dos grandes déficits da atención primaria na sanidade pública galega. Os orzamentos de 2016 e 2017, por coller os exemplos máis recentes, coinciden nos compromisos de varios centros de saúde apuntados nun e outro, os mesmos sucesivamente, ignorando ningunha responsabilidade polo anuncio e compromiso de infraestruturas que logo nunca se inician. O Plan de mellora da Atención Primaria, iniciado na lexislatura 2005-2009, supuxo unha base estratéxica que non foi continuada polos gobernos de Núñez Feijóo, que non amosaron un proxecto real para o fortalecemento da atención primaria.

No concello de A Pontenova a atención sanitaria está a cargo dos profesionais do centro de saúde. Existe nos últimos tempos unha tendencia a reducir o número de persoal que atende no centro, aproveitando baixas e xubilacións. Este é o caso do número de facultativos, que pasou de 3 a 2 pola recente xubilación dun deles e que a Xunta négase a repoñer, ou do paso de 2 a 1 profesional PSX. Estes recortes producen maior saturación tanto na atención médica como na organización do centro. O PAC de referencia para A Pontenova é o do Concello de Meira, que en días como o sábado pola mañá ten unicamente un ATS que ten que atender tanto ao PAC como á atención domiciliaria.

Para A Pontenova o correcto funcionamento do centro de saúde é indispensable, pois é un concello de poboación moi dispersa e envellecida, con máis dun terzo da poboación por riba dos 65 anos. Estas características condicionan a necesidade dunha atención próxima e áxil, que precisa de maiores medios humanos para non saturar as necesidades sobre os profesionais restantes no centro.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galicia que a atención sanitaria en A Pontenova é satisfactoria?
2. Por que a Xunta de Galicia non repón a praza do facultativo xubilado no centro de saúde de A Pontenova?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia realizar cambios nos recursos humanos do centro de A Pontenova proximamente?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 19/07/2018 10:30:47**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/07/2018 10:30:58**

**Noela Blanco Rodríguez na data 19/07/2018 10:31:03**

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, Xoaquín Fernández Leiceaga e Noela Blanco Rodríguez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A atención de saúde mental no Hospital Psiquiátrico de Conxo vén sendo obxecto de preocupación dos colectivos relacionados coa atención en saúde mental en Galicia, ben dende o punto de vista profesional como dos familiares de persoas con enfermidade mental.

Nos últimos anos numerosas novas de medios de comunicación e información ofrecida por expertos na materia vén poñendo o foco sobre algún dos métodos e sistemas de atención a pacientes que se realizan no citado hospital. Algúns dos casos coñecidos resultan de notoria preocupación, máis a Xunta de Galicia ten ofrecido información moi limitada incluso a pesares de ser esta unha cuestión tratado nos plenos do Parlamento de Galicia.

O peche dos centros de Castro de Rei, do Rebullón e de Toén convirte a Conxo nunha referencia absoluta neste eido, da hospitalización psiquiátrica prolongada en Galicia, polo que a súa relevancia toma maior consideración se cabe.

En recentes datas, o centro recibiu visita de técnicos do Defensor del Pueblo, que realizaron unha revisión de instalacións, métodos e mecanismos de traballo e atención a pacientes. Boa parte das conclusións obtidas resultan dunha elevada dureza, e amosan unha realidade que necesita ser analizada con extremo detalle. O informe do Mecanismo Nacional para la Prevención de la Tortura da Oficina del Defensor del Pueblo aporta unha serie de conclusións e recomendacións, das que existen un bo número que non teñen recibido resposta nin proposta de mellora por parte da Xunta de Galicia, responsable do centro.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do informe do Defensor del Pueblo no que se sinalan numerosos déficits na atención e instalacións do Hospital Psiquiátrico de Conxo?
2. Que previsión ten a Xunta de Galicia para realizar as melloras e suxestións propostas polos técnicos do Defensor del Pueblo?
3. Como valora a Xunta de Galicia a atención psiquiátrica ofrecida nas instalacións públicas da súa responsabilidade?
4. Considera necesarias a Xunta de Galicia a aplicación de melloras en termos materiais, humanos e procedementais no hospital psiquiátrico de Conxo?

Pazo do Parlamento, 18 de xullo de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Xoaquín Fernández Leiceaga  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 19/07/2018 11:31:09**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/07/2018 11:31:15**

**Noela Blanco Rodríguez na data 19/07/2018 11:31:20**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas á tomar diante do peche da pesquería da sardiña para a flota do xeito.

O Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación ven de publicar unha resolución pola que establece o peche da pesquería da sardiña en augas ibéricas de zonas cien VIIIc e IXa, a partir do 13 de xullo de 20018.

Esta medida ten unha grave repercusión para unha arte tradicional que ten unha pequena incidencia sobre os bancos de sardiñas. Unha actividade profesional pesqueira en Galiza que leva a cabo un sector estratéxico tanto pola súa dimensión social como polo seu peso económico en moitas vilas costeiras polos ingresos que xera nas mesmas.

Aféctalle esta medida a pequenas embarcacións xeiteiras que teñen no seu permex esta arte e que no conxunto do país son unhas 427 ás que hai que sumar unha ducia de racús. Están localizadas principalmente en portos das rias baixas: Rianxo, Cambados, Illa de Arousa, Redondela.

O Xeito é unha arte de enmalle moi selectiva, no que o 85% das capturas corresponden á sardiña. É unha arte artesanal e sustentábel, que debe quedar fora de Tacs e cotas.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A Xunta de Galiza debe exercer as competencias exclusivas sobre a pesca nas rías e demais augas interiores que establece o artigo 27.15 do Estatuto de Autonomía e regular sen inxerencias a pesca artesanal como é o caso do xeito.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que actuacións está realizando á Xunta de Galiza para que a flota artesanal do xeito poida seguir pescando sardiña?

Vaile reclamar ao Goberno español a exclusión da arte do xeito e do racú da prohibición de poder pescar sardiña?

Por que non ten esixido xa a exclusión como lle ten esixido o sector e o BNG en numerosas ocasións?

Se Galiza ten competencias exclusivas en augas interiores, por que permite que o Goberno de Madrid peche a pesquería?

Vai exercer as competencias exclusivas contempladas no artigo 27.15 do Estatuto de Autonomía sobre “a pesca nas rías e demais augas interiores” e polo tanto excluír á pesca artesanal, e dentro dela á do xeito, de Tacs e cotas impostas desde a Unión Europea e o Goberno de Madrid?

De persistir a prohibición de pescar sardiña para a flota do xeito e racú, vai establecer liñas de axudas, para garantir o mantemento de rendas, especialmente para os mariñeiros que non teñen ningunha outra alternativa, mais tamén para evitar a sobreexplotación doutros recursos pesqueiros?



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/07/2018 11:36**  
**Nº Rexistro: 33628**  
Data envío: 19/07/2018 11:36:10.635

Tense a Xunta de Galiza reunido co sector para buscar unha solución a esta problemática?

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/07/2018 11:14:43**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/07/2018 11:14:48**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/07/2018 11:14:50**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/07/2018 11:14:53**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA




**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/07/2018 11:36**  
**Nº Rexistro: 33628**

Data envío: 19/07/2018 11:36:10.635

**Noa Presas Bergantiños na data 19/07/2018 11:14:55**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2018 11:14:57**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727